

# NIVEL MÁXIMO DE PREVENCIÓN

## EN TODA GALICIA ATA O 17 DE FEBREIRO

### Mobilidade limitada

Restrínxese a mobilidade ao ámbito municipal. Non será posible entrar ou saír do concello de residencia salvo por motivos sanitarios, laborais, educativos ou asistenciais.

### Reunións entre conviventes

Quedan prohibidas as reunións entre non conviventes excepto para asistencia a maiores e/ou menores, motivos laborais ou motivos educativos.

### Toque de queda

Non será posible saír á rúa entre as 22,00 h e as 06,00 h.

### Visitas hospitalarias

Continúan interrompidas as visitas a enfermos, agás nos casos de persoas dependentes, acompañamento no parto ou menores.

### Educación

As universidades retomarán as clases de xeito telemático o día 8 de febreiro.

Ensinanzas de réxime especial (escolas de música, idiomas...): suspenden as clases presenciais.

### Comercio e centros comerciais

O comercio esencial pechará ás 21,30 h. Os negocios que non ofrezan servizos esenciais abrirán ata as 18,00 h. Os centros comerciais pecharán ás 18,00 h e fins de semana.

### Hostalería e restauración

Bares e restaurantes estarán pechados. Permítese a recollida ata as 21,30 h; servizo de entrega a domicilio ata as 00,00 h.

### Deporte

A práctica deportiva queda restrinxida a deporte individual ao aire libre, con máscara e no ámbito do propio concello.

Ximnacios e centros deportivos estarán pechados.

### Medidas de protección

Está prohibido comer, beber ou fumar en movemento pola rúa.

Segue sendo obrigatorio o uso de máscara. Tamén para correr e mesmo se se poden garantir dous metros de distancia.

### Centros sociais

Péchanse todos os centros sociais e similares, como centros sociocomunitarios e clubs de xubilados.

Seguen abertos os centros de día.

### Cultura

Suspéndese a actividade de museos, bibliotecas, teatros, auditorios ou calquera outro establecemento cultural e de espectáculos.

### Recomendacións

- Aconséllase que as **persoas maiores** limiten as súas saídas a pequenos paseos, evitando os contactos.

- As empresas deben favorecer o teletraballo.

SAIAMOS DISTO CON  
**SENTIDIÑO**

**Medidas necesarias para salvar vidas e superar xuntos esta crise inédita que nos tocou vivir.**